



RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS, NO RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA FACILITAR O DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA VIRTUAL DO ALUMNADO NA USC POLO COVID-19

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ordena a suspensión da actividade académica educativa presencial en todos os niveis académicos, incluída a ensinanza universitaria, e establece que durante o período de suspensión se manterán as actividades educativas a través das modalidades a distancia e “on line”, sempre que sexa posible.

Por Resolución reitoral do 13 de marzo suspendeuse a actividade docente presencial ordenando a continuidade da docencia por medios non presenciais. A evolución da pandemia e as sucesivas prórrogas do estado do alarma deron lugar á Resolución reitoral do 7 de abril na que se dispón que non se retomará polo que resta de período lectivo do segundo cuadrimestre do curso 2019-2020 continuando a impartición das actividades docentes durante o período restante de xeito non presencial.

Ata o momento, realizáronse dúas convocatorias que abrangueron dous períodos, desde o 14 de marzo ao 15 de abril e desde o 16 de abril ao 15 de maio. Tendo en conta que se superaron as 800 solicitudes nas dúas convocatorias e que o alumnado precisa manter a conexión a internet para a preparación e celebración das probas de avaliación, cómpre dispoñer unha terceira resolución para o seguinte período de gasto.

Con esta finalidade, tendo en conta as bases reguladoras aprobadas na Resolución reitoral do 27 de marzo de 2020, cómpre realizar unha nova convocatoria de axudas obxecto desta resolución, de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O procedemento de concesión será o de réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exceptuando do requisito de fixar unha orde de prelación cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei. Así mesmo, empregárase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007.

Así mesmo, cómpre realizar un axuste do procedemento de concesión para que sexa áxil e permita resolver as solicitudes no menor tempo posible desde a súa presentación.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que ten conferidas resolve:

CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto destas axudas é o cofinanciamento de servizos de internet para o alumnado da Universidade de Santiago de Compostela coa finalidade de que poida acceder ao contido do Campus Virtual e demais ferramentas didácticas necesarias para a súa actividade académica e a correspondente avaliación.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. Serán subvencionables os gastos de acceso a internet que utilicen as persoas beneficiarias da axuda.
2. Os gastos subvencionables deberán corresponder a unha única liña que poderá ser fixa ou móbil, ou corresponder a un servizo de acceso a internet non asociado a unha liña telefónica.
3. A axuda cofinanciará o 90 por 100 do gasto realizado pola persoa beneficiaria non podendo superar en total 40 euros por persoa.

TERCEIRA. Ámbito temporal

O período subvencionable abarcará o gasto realizado desde o 16 de maio e o 15 de xuño.

CUARTA. Orzamento

1. Para a concesión destas axudas destinaranse 60.000 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 8075 5900 221.00 “Subministracións crise COVID-19” creada para atender os gastos extraordinarios de calquera natureza como consecuencia da crise.
2. A contía máxima da axuda por persoa beneficiaria será de 40€.

QUINTA. Requisitos dos beneficiarios

1. Poderán acceder á consideración de beneficiarios o alumnado que estea matriculado nunha titulación oficial de grao ou mestrado no curso 2019-2020, e que cumpra os requisitos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Unicamente poderá solicitarse unha subvención por persoa beneficiaria.

SEXTA. Presentación de solicitudes

1. A presentación de solicitudes farase a través da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, empregando o formulario normalizado de solicitude dispoñible no seguinte enderezo dirixido á Xerencia da USC:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/AxudasDocenciaVirtual.htm>

2. A documentación que deberá presentarse xunto coa solicitude é a seguinte:

- a. Factura ou xustificante do gasto realizado que deberá estar dentro do período temporal subvencionable indicado na base Terceira.
- b. No suposto de liñas de contrato ou prepago, tanto fixas como móbiles, cuxo titular non sexa a persoa solicitante deberase acreditar a relación coa persoa solicitante (parentesco, contrato de aluguer ou outros)
- c. No suposto de novas altas nas que aínda non se dispoña de factura o xustificante de gasto, deberase acreditar por calquera medio o importe da tarifa contratada.

SÉTIMA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

A convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela. O prazo de presentación de solicitudes contará desde o día seguinte da publicación no Taboleiro Electrónico e rematará o 19 de xuño de 2020.

OITAVA. Instrución, resolución e publicación

1. O órgano competente para a instrución do procedemento será a Vicexerencia de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica.
2. A resolución dos expedientes de solicitude destas axudas correspóndelle á Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela.
3. Á vista das solicitudes presentadas, o órgano instrutor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución, que elevará á Xerencia.
4. A Xerencia publicará a resolución definitiva de concesión das axudas coa relación de solicitantes aos que se concede a axuda e aos que se desestima, coa indicación dos motivos de desestimación.
5. Co obxecto de axiliar o procedemento de concesión e pagamento, e tendo en conta o carácter non competitivo das axudas, poderanse realizar resolucións parciais de concesión das que se dará publicidade no Taboleiro Electrónico da USC, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
6. A resolución de concesión ou denegación definitiva adoptárase no prazo máximo de quince días contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicárase de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante a súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.
7. A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes.
8. De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.

NOVENA. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a destinar os recursos que se financien a actividades de estudo. O incumprimento desta obrigación será causa do reintegro da axuda.

A Universidade de Santiago de Compostela resérvase o dereito a requiririlles ás persoas beneficiarias a documentación orixinal que deu lugar á obtención da axuda. O incumprimento desta obriga, ou a constatación por parte da Universidade da falsidade ou inexactitude dos datos que deron lugar á concesión da axuda, serán causa de reintegro.

DÉCIMA. Información sobre o procedemento



As consultas sobre a convocatoria ou a presentación de solicitudes dirixiranse á Oficina Virtual de Atención da Universidade de Santiago de Compostela por correo electrónico (estudantado.oficinavirtual@usc.gal)

DÉCIMO PRIMEIRA. Xustificación e pagamento

1. O pagamento axustarase ao establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. A contía da subvención concedida aboaráselles ás persoas beneficiarias nun pagamento único polo importe que lles corresponda.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).